

obradoiro de artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia. nº12 xullo / julio 2014



XUNTA DE GALICIA



ARTESANÍA
DE GALICIA



galicia



XUNTA
DE GALICIA



Francisco Conde López
Consejero de Economía e Industria

Conseguir un sector artesán sólido e sostible no tempo e que contribúa ao crecemento da economía galega. Ese é o obxectivo que nos marcamos no primeiro Plan de Artesanía de Galicia, unha folia de ruta que parte do diálogo e da colaboración cos artesáns que están a construír coas súas mans o futuro da artesanía galega.

Neste plan fixémonos tres grandes retos, que entre todos seremos capaces de lograr. O primeiro céntrase en afianzar a competitividade, reforzando un sector artesanal capaz de aglutinar todo o talento artesanal galego. Ademais, traballamos xunto co sector para consolidar a marca diferencial, impulsando o posicionamento e prestixio de "Artesanía de Galicia". E por suposto, estamos promovendo a innovación e a cooperación con outros sectores produtivos e a presenza dos produtos galegos artesáns na rede.

Avanzaremos así no impulso a un sector que, bebendo da nosa tradición, é recoñecido fóra e dentro das nosas fronteiras. Boa proba disto é que, ano tras ano, os artesáns galegos teñen unha importante presenza nos Premios Nacionais de Artesanía. Neste 2014, o Obradoiro de Gaitas Seivane recibiu o Premio Nacional, e converteuse tamén na primeira empresa artesá que recibe a Medalla Castelao.

Exemplos como o desta familia coñecida pola súa mestría na elaboración dun dos instrumentos máis identificativos de Galicia son os que podemos atopar nas páxinas desta revista, a través das cales, como en cada edición, ofrecemos unha escolma de diferentes proxectos e iniciativas destacables dentro do sector, coa que tentamos trasladar sempre unha mostra da heteroxeneidade, creatividade e innovación que o caracteriza.

Así, presentámosvos dúas iniciativas nas que a arte guía a produción artesanal, como son as prendas de Le Chanelas ou as pezas de Cerámica Suve; e outras dúas nas que a tradición ten un peso fundamental, como a Carpintería Alejandro ou a ourivería con novos materiais de Susi Gesto.

No eido da comercialización, destacamos o establecemento "En lá" da artesá Pilar Rodríguez Gonda en Monforte de Lemos e tamén a Fundación Novacaixagalicia da Coruña, que conta cun punto de exposición e venda de pezas incluídas na marca Artesanía de Galicia.

E hai tamén espazo para unha interesante entrevista á xaponesa Reiko Kato, unha referencia no centón a nivel internacional, coa que tivemos a sorte de contar nun curso de especialización en Santiago de Compostela.

Un percorrido por un sector que ten o seu escaparate de referencia anual no Encontro da Artesanía Tradicional e Popular nos Pendellos de Agolada e que co traballo de todos conseguiremos que sexa cada vez máis competitivo sen perder a súa esencia.

Será, sen dúbida, grazas ao esforzo dos profesionais que día día dan forma co seu talento á Artesanía de Galicia.

sumario



- 2 Limiar
- 4 Entrevista a Sol María Vázquez Abeal, Directora Xeral de Comercio
- 10 A artesanía galega soa alto e forte / La artesanía gallega suena alto y fuerte
- 14 Obradoiro de Gaitas Seivane, Premio Nacional de Artesanía 2013
- 20 Agalcari, Mareas de innovación e de saber facer
Agalcari, Mareas de innovación y de saber hacer
- 22 O valor arquitectónico da carpintería de ribeira
El valor arquitectónico de la carpintería de ribera
- 24 Os Días Europeos da Artesanía. Unha cita cos oficios que se consolida
Los Días Europeos de la Artesanía. Una cita con los oficios que se consolida
- 36 Coa cerámica como palabra / Con la cerámica como palabra
- 42 Lenzos prêt-à porter / Lenzos prêt-à porter
- 48 Legado de madeira / Legado de madera
- 54 De oficio, alquimista / De oficio, alquimista
- 60 Prensando cores / Prensando colores
- 64 A artesanía, un engado para o museo / La artesanía, un atractivo para el museo
- 66 Shopping
- 70 Formación: centón ao estilo xaponés / Formación: *patchwork* al estilo japonés
- 74 Novas e eventos / Noticias y eventos



Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Industria
Dirección Xeral de Comercio

Coordinación

María Guerreiro e María Noya
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 999 171 Fax 881 999 170
e-mail: prensa.artesania@xunta.es
artesaniadegalicia.xunta.es

Maquetación, realización

DARDO (Cristina Moralejo)
dardo@dardo-ds.com

Redacción

María Guerreiro, María Noya, Eliana Martíns, DARDO

Fotografía

AGA, Ovidio Aldegunde, Miguel Calvo, DARDO, Alfonso Durán
e contribucións dos artesáns. Cortesía Fundesarte (Gsus Fernández)
páx. 14, 15, 16, 18, 20, 21, 22

D.L.: C-4788-2008

obradoiro de artesanía



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ARTESANÍA  DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ENTREVISTA A SOL MARÍA VÁZQUEZ ABEAL

DIRECTORA XERAL DE COMERCIO

“O Plan de Artesanía 2014-2016 permitiranos acadar un sector sólido e competitivo”

A actualización da normativa en materia de artesanía, o impulso á creación de novas empresas artesás, a comercialización e a promoción a través da marca Artesanía de Galicia, así como a incorporación da innovación en todos os procesos de produción das pezas centran o traballo da Consellería de Economía e Industria en materia de artesanía. A isto engádeselle a recente convocatoria de subvencións para obradoiros artesanais neste último ano, as diferentes actuacións de apoio á exhibición e venda da artesanía en todo o territorio galego ou a nova estratexia de comercialización do produto artesán galego no mercado internacional. A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, explica a nova estratexia nesta segunda lexislatura.

Por primeira vez a Artesanía de Galicia conta cun Plan estratéxico para acadar o seu desenvolvemento. O Plan de Artesanía de Galicia 2014-2016 permitiranos acadar un sector sólido e competitivo. Trátase dunha aposta decidida deste goberno polo talento artesanal, deseñando unha estratexia de futuro para o sector onde, entre outros factores, terá un papel relevante a comercialización e a internacionalización.

Nesta nova etapa, e seguindo as directrices establecidas no Plan, damos un paso adiante no impulso á introdución en novos mercados dos produtos artesáns galegos.

Este ano, como xa fixemos en 2013, estamos centrados na participación en dúas feiras de decoración de referencia en Europa: as dúas edicións de Formex, en Estocolmo, na que os nosos produtos comparten espazo coas últimas tendencias en decoración e o máis destacado de deseño

“El Plan de Artesanía 2014-2016 nos permitirá conseguir un sector sólido y competitivo”

La actualización de la normativa en materia de artesanía, el impulso a la creación de nuevas empresas artesanas, la comercialización y la promoción a través de la marca Artesanía de Galicia, así como la incorporación de la innovación en todos los procesos de producción de las piezas centran el trabajo de la Consellería de Economía e Industria en materia de artesanía. A esto se le añade la reciente convocatoria de subvenciones para talleres artesanales en este último año, las diferentes actuaciones de apoyo a la exhibición y venta de la artesanía en todo el territorio gallego o la nueva estrategia de comercialización del producto artesano gallego en el mercado internacional. La directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, explica la nueva estrategia en esta segunda lexislatura.

Por primera vez la Artesanía de Galicia cuenta con un Plan estratégico para conseguir su desarrollo. El Plan de Artesanía de Galicia 2014-2016 nos permitirá conseguir un sector sólido y competitivo. Se trata de una apuesta decidida de este goberno por el talento artesanal, diseñando una estrategia de futuro para el sector donde, entre otros factores, tendrán un papel relevante la comercialización y la internacionalización.

En esta nueva etapa, y siguiendo las directrices establecidas en el Plan, damos un paso adelante en el impulso a la introducción en nuevos mercados de los productos artesanos gallegos.

Este año, como ya hicimos en 2013, estamos centrados en la participación en dos ferias de decoración de referencia en Europa: las dos ediciones de Formex, en Estocolmo, en la que nuestros productos comparten espacio con las



nórdico; así como Tent London, unha plataforma de exhibición e venda do mellor deseño contemporáneo para interiores, que se enmarca no Festival de Deseño de Londres. É unha aposta pola promoción e a exhibición das pezas que forman parte da marca Artesanía de Galicia ao mesmo tempo que se lles dá un contexto.

Por outra banda, os obradoiros que acudiron varias veces a feiras de París, Frankfurt e Milán amparados pola marca Artesanía de Galicia, teñen xa abertas as portas para a comercialización nestes mercados e poden continuar individualmente co apoio da Xunta de Galicia, grazas á nova orde de axudas ao sector artesán galego que convocamos a finais do mes de maio.

¿Houbo unha evolución tamén na comercialización da marca Artesanía de Galicia no territorio galego?

Por suposto, aínda que lle damos tamén continuidade a actuacións que xa teñen éxito como as Minifeiras de Artesanía de Galicia ou os apoios a encontros sectoriais e a eventos puntuais que inclúen a venda directa de artesanía en diferentes concellos galegos. A terceira edición do Co-

“Nas feiras internacionais ofrecemos un servizo de marketing moi completo, ao tempo que minimizamos os custos dos propios artesáns”

“En las ferias internacionales ofrecemos un servicio de marketing muy completo, al tiempo que minimizamos los costos de los propios artesanos”

últimas tendencias en decoración y lo más destacado del diseño nórdico; así como Tent London, una plataforma de exhibición y venta del mejor diseño contemporáneo para interiores, que se enmarca en el Festival de Diseño de Londres. Es una apuesta por la promoción y la exhibición de las piezas que forman parte de la marca Artesanía de Galicia al mismo tiempo que se les da un contexto.

Por otra parte, los talleres que acudieron varias veces a ferias de París, Frankfurt y Milán amparados por la marca Artesanía de Galicia, tienen ya abiertas las puertas para la comercialización en estos mercados y pueden continuar individualmente con el apoyo de la Xunta de Galicia, gracias a la nueva orden de ayudas al sector artesano gallego que convocamos a finales del mes de mayo.

¿Hubo una evolución también en la comercialización de la marca Artesanía de Galicia en el territorio gallego?

Por supuesto, aunque le damos también continuidad a actuaciones que ya tienen éxito como las Minifeiras de Artesanía de Galicia o los apoyos a encuentros sectoriales y a eventos puntuales que incluyen la venta directa de artesanía en diferentes ayuntamientos gallegos. La tercera edición del Corazón de Artesanía, III Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, en Os Pendellos



razón de Artesanía, III Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, nos Pendellos de Agolada, que celebramos no mes de xullo estase a consolidar como o evento de referencia para a exhibición e comercialización da artesanía tradicional que se realiza hoxe en Galicia, así como unha excelente proba do actuais que resultan estas pezas cando as incorporamos á nosa vida diaria.

Ademais, este ano diriximos parte dos nosos esforzos a incorporar a marca Artesanía de Galicia como un elemento máis que contribúa á promoción do turismo da nosa comunidade. De feito, estamos a colaborar coa Axencia Turismo de Galicia e coa Asociación Galega de Artesáns nun proxecto de creación de Rutas de Artesanía, coas que poderemos ofrecerlle ao turista unha opción moi interesante de carácter cultural, didáctico e tamén paisaxístico. Porque a artesanía está en todas as partes de Galicia, nas cidades, nas comarcas, nas aldeas, na costa. E en todos estes lugares hai espazos increíbles para visitar, restaurantes, museos, monumentos, edificios históricos. O obxectivo é facer unha promoción conxunta onde a artesanía funciona como un reclamo de atracción do interese sobre Galicia. Deste xeito, e tal como se recolle no novo plan de artesanía, temos previsto a creación dunha tenda en liña destinada á comercialización das pezas de Artesanía de Galicia, ao tempo que impulsaremos a adhesión de establecementos especializados á marca. Neste sentido, quero destacar as tendas que xa están a funcionar en puntos de interese turístico en diferentes localidades galegas coma o Museo do Mar de Vigo, o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro, a Casa Mariñeira Don Fernando en Sanxenxo, a da Fundación Novacaixagalicia na Coruña ou a da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

Como complemento a este impulso á comercialización da marca, outra das novidades deste ano é a aposta pola introducción da artesanía galega en contextos pouco habituais ata o de agora mais que ofrecen moitas posibilidades para as nosas pezas como a moda, a arquitectura ou a gastronomía. Apoiamos o proxecto Debut da Escola Superior de Deseño e Moda de Galicia (Esdemga), colaboramos con proxectos concretos entre deseñadores e artesáns, fomentamos a cooperación entre arquitectos e torneiros, o achegamento de bloggers e de revistas de moda á artesanía, e mesmo a introducción das nosas pezas no eido da restauración a través de show-cookings con produtos certificados por Galicia Calidade e as diferentes denominacións de orixe e pezas da marca Artesanía de Galicia.

En abril deste ano presentábase un ambicioso Plan de Artesanía centrado noutras dúas liñas estratéxicas: un sector máis competitivo e incorporar a innovación en todos os procesos de deseño e produción da artesanía. Podería explicalo con máis detalle?

de Agolada, que celebramos en el mes de julio se está consolidando como el evento de referencia para la exhibición y comercialización de la artesanía tradicional que se realiza hoy en Galicia, así como una excelente prueba de lo actuales que resultan estas piezas cuando las incorporamos a nuestra vida diaria.

Además, este año dirigimos parte de nuestros esfuerzos a incorporar la marca Artesanía de Galicia como un elemento más que contribuya a la promoción del turismo de nuestra comunidad. De hecho, estamos colaborando con la Axencia Turismo de Galicia y con la Asociación Galega de Artesáns en un proyecto de creación de Rutas de Artesanía, con las que podremos ofrecerle al turista una opción muy interesante de carácter cultural, didáctico y también paisajístico. Porque la artesanía está en todas las partes de Galicia, en las ciudades, en las comarcas, en las aldeas, en la costa. Y en todos estos lugares hay espacios increíbles para visitar, restaurantes, museos, monumentos, edificios históricos. El objetivo es hacer una promoción conjunta donde la artesanía funciona como un reclamo de atracción del interés sobre Galicia. De este modo, y tal como se recoge en el nuevo plan de artesanía, hemos previsto la creación de una tienda on line destinada a la comercialización de las piezas de Artesanía de Galicia, al tiempo que impulsaremos la adhesión de establecimientos especializados a la marca. En este sentido, quiero destacar las tiendas que ya están funcionando en puntos de interés turístico en diferentes localidades gallegas como el Museo do Mar de Vigo, el Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro, la Casa Mariñeira Don Fernando en Sanxenxo, la de la Fundación Novacaixagalicia en A Coruña o la de la Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

Como complemento a este impulso a la comercialización de la marca, otra de las novedades de este año es la apuesta por la introducción de la artesanía gallega en contextos poco habituales hasta ahora pero que ofrecen muchas posibilidades para nuestras piezas como la moda, la arquitectura o la gastronomía. Apoyamos el proyecto Debut de la Escuela Superior de Deseño e Moda de Galicia (Esdemga), colaboramos con proyectos concretos entre diseñadores y artesanos, fomentamos la cooperación entre arquitectos y torneiros, el acercamiento de bloggers y de revistas de moda a la artesanía, e incluso la introducción de nuestras piezas en el campo de la restauración a través de show-cookings con productos certificados por Galicia Calidade y las diferentes denominaciones de origen y piezas de la marca Artesanía de Galicia.

En abril de este año se presentaba un ambicioso Plan de Artesanía centrado en otras dos líneas estratégicas: un sector más competitivo e incorporar la innovación en todos los procesos de diseño y produción de la artesanía. ¿Podría explicarlo con máis detalle?

A través deste Plan de Artesanía de Galicia 2014-2016 a Xunta destina 5 millóns de euros a un impulso integral do sector artesanal no seu conxunto, incidindo en tres liñas estratéxicas. Unha delas céntranse en potenciar a marca Artesanía de Galicia, un selo de referencia no sector, que ademais é único en toda España, e do que falamos antes. A través das outras dúas estratexias buscamos fortalecer o tecido produtivo do sector, así como o seu recoñecemento e posta en valor. Este novo plan permitiranos impulsar a creación de 100 novas empresas de artesanía, actualizar a normativa existente, recuperar os oficios en extinción e recoñecer a figura de Mestre Artesán. Buscamos tamén que estas empresas que conforman o noso sector artesán contengan con traballadores mellor formados e máis capacitados para incorporar innovación en todos os procesos relacionados coa produción dunha peza. Nesta liña, impulsaremos programas piloto de experimentación con novos materiais e a colaboración con centros tecnolóxicos avanzados, coas universidades, coas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e mesmo con deseñadores profesionais.

Trátase dun plan de apoio ao sector que foi elaborado co sector, é dicir, tendo en conta as súas necesidades reais e a súa perspectiva. É unha guía a longo prazo, orientada a acadar un sector artesán sólido e competitivo.

Outra das novidades deste ano é a convocatoria de subvencións aos obradoiros artesanais dotada con 320.000 euros.

O obxectivo principal deste programa de axudas é fomentar a competitividade do sector artesán a través do apoio ao acceso a novos mercados e do desenvolvemento do talento galego. Os obradoiros poden obter ata 5.000 euros de axuda para participar en feiras e certames nacionais e internacionais, así como para acceder a formación especializada. Nesta nova convocatoria primaranse as solicitudes presentadas por mozos menores de 36 anos, por mulleres, e por obradoiros situados en concellos menores de 5.000 habitantes, así como os das provincias de Ourense e Lugo, e das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e a Costa da Morte, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa.

O Obradoiro de Gaitas Seivane resultou gañador da última edición dos Premios Nacionais de Artesanía. Que supón para o sector artesanal galego este novo recoñecemento?

É a primeira vez que o Nacional de Artesanía recae nun obradoiro galego, que precisamente xa fora o gañador do Premio Innova polo seu sitio web na primeira edición destes galardóns, no ano 2006. Este premio para o Obradoiro de Gaitas Seivane constitúe o máximo apoio institucional en España á traxectoria profesional deste obradoiro familiar que conta con case 80 anos de expe-

A través de este Plan de Artesanía de Galicia 2014-2016 la Xunta destina 5 millones de euros a un impulso integral del sector artesanal en su conjunto, incidiendo en tres líneas estratégicas. Una de ellas se centra en potenciar la marca Artesanía de Galicia, un sello de referencia en el sector, que además es único en toda España, y del que hablamos antes. A través de las otras dos estrategias buscamos fortalecer el tejido productivo del sector, así como su reconocimiento y puesta en valor. Este nuevo plan nos permitirá impulsar la creación de 100 nuevas empresas de artesanía, actualizar la normativa existente, recuperar los oficios en extinción y reconocer la figura de Maestro Artesano. Buscamos también que estas empresas que conforman nuestro sector artesano cuenten con trabajadores mejor formados y más capacitados para incorporar innovación en todos los procesos relacionados con la producción de una pieza. En esta línea, impulsaremos programas piloto de experimentación con nuevos materiales y la colaboración con centros tecnológicos avanzados, con las universidades, con las Escuelas de Arte y Superiores de Diseño e incluso con diseñadores profesionales.

Se trata de un plan de apoyo al sector que ha sido elaborado con el sector, es decir, teniendo en cuenta sus necesidades reales y su perspectiva. Es una guía a largo plazo, orientada a conseguir un sector artesano sólido y competitivo.

Otra de las novedades de este año es la convocatoria de subvenciones a los talleres artesanales dotada con 320.000 euros.

El objetivo principal de este programa de ayudas es fomentar la competitividad del sector artesano a través del apoyo al acceso a nuevos mercados y del desarrollo del talento gallego. Los talleres pueden obtener hasta 5.000 euros de ayuda para participar en ferias y certámenes nacionales e internacionales, así como para acceder a formación especializada. En esta nueva convocatoria se primarán las solicitudes presentadas por jóvenes menores de 36 años, por mujeres, y por talleres situados en ayuntamientos menores de 5.000 habitantes, así como los de las provincias de Ourense y Lugo, y de las comarcas de Ferrol, Eume y Ortegal y la Costa da Morte, al amparo de los respectivos planes Impulsa.

El Obradoiro de Gaitas Seivane resultó ganador de la última edición de los Premios Nacionales de Artesanía. ¿Qué supone para el sector artesanal gallego este nuevo reconocimiento?

Es la primera vez que el Nacional de Artesanía recae en un taller gallego, que precisamente ya había sido el ganador del Premio Innova por su sitio web en la primera edición de estos galardones, en el año 2006. Este premio para el Obradoiro de Gaitas Seivane constituye el máximo apoyo institucional en España a la trayectoria profesional de este taller familiar que cuenta con casi 80 años de experiencia



riencia no sector. E xustamente a Xunta de Galicia acaba de concederlle tamén á familia Seivane a Medalla Castelao 2014, en recoñecemento ao seu traballo na elaboración do instrumento máis representativo da nosa cultura tradicional, que foi evolucionando e incorporando todas as innovacións que lles permite o mercado para adaptar aos nosos tempos a produción de gaitas, sempre dende o máis fondo respecto ao proceso artesanal.

Por outro lado, nesta edición dos Premios temos que felicitar tamén á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari) resultou finalista do Premio Promociona para Entidades Privadas polo seu traballo en favor da recuperación e do impulso do patrimonio marítimo e dun oficio tradicional que se axusta perfectamente ás novas tendencias de construción sostible. Se facemos un balance sobre o que estes Premios supuxeron para Galicia comprobamos que dende a primeira edición no ano 2006 os creadores galegos estiveron sempre presentes ben como gañadores ou ben como finalistas destes premios. Cada ano traballamos dende a Xunta de Galicia para presentar os nosos mellores proxectos de artesanía e cada ano obtemos resultados moi satisfactorios, así que a valoración non pode ser máis positiva.

en el sector. Y justamente la Xunta de Galicia acaba de concederle también a la familia Seivane la Medalla Castelao 2014, en reconocimiento a su trabajo en la elaboración del instrumento más representativo de nuestra cultura tradicional, que fue evolucionando e incorporando todas las innovaciones que les permite el mercado para adaptar a nuestros tiempos la producción de gaitas, siempre desde el más hondo respeto al proceso artesanal.

Por otro lado, en esta edición de los Premios tenemos que felicitar también a la Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari) que resultó finalista del Premio Promociona para Entidades Personales por su trabajo en favor de la recuperación y del impulso del patrimonio marítimo y de un oficio tradicional que se ajusta perfectamente a las nuevas tendencias de construcción sostenible. Si hacemos un balance sobre lo que estos Premios han supuesto para Galicia comprobamos que desde la primera edición en el año 2006 los creadores gallegos han estado siempre presentes bien como ganadores o bien como finalistas de estos premios. Cada año trabajamos desde la Xunta de Galicia para presentar nuestros mejores proyectos de artesanía y cada año obtenemos resultados muy satisfactorios, así que la valoración no puede ser más positiva.

“Cada ano traballamos dende a Xunta de Galicia para presentar os nosos mellores proxectos aos Premios de Artesanía e cada ano obtemos resultados moi satisfactorios”

“Cada año trabajamos desde la Xunta de Galicia para presentar nuestros mejores proyectos a los Premios de Artesanía y cada año obtenemos resultados muy satisfactorios”



A ARTESANÍA GALEGA SOA ALTO E FORTE

LA ARTESANÍA GALLEGA SUENA ALTO Y FUERTE

O Obradoiro de Gaitas Seivane gaña o Premio Nacional de Artesanía 2013

A Asociación Galega de Carpintería de Ribeira é finalista do Premio Promociona para Entidades Privadas

A oitava edición dos Premios Nacionais de Artesanía contou cun marcado sabor galego. O claro protagonismo que tivo Galicia nesta convocatoria de 2013 queda patente no galardón outorgado ao Obradoiro de Gaitas Seivane, como gañador do ano, e o posto de finalista no Premio Promociona para Entidades Privadas para a Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari). O certame, promovido e organizado pola Fundación Española para la Innovación de la Artesanía (Fundesarte) e convocado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, supón a día de hoxe o máximo recoñecemento institucional en España ao traballo artesán.

El Obradoiro de Gaitas Seivane gana el Premio Nacional de Artesanía 2013

La Asociación Galega de Carpintería de Ribeira es finalista del Premio Promociona para Entidades Privadas

La octava edición de los Premios Nacionales de Artesanía contó con un marcado sabor gallego. El claro protagonismo que tuvo Galicia en esta convocatoria de 2013 queda patente en el galardón otorgado al Obradoiro de Gaitas Seivane, como ganador del año, y el puesto de finalista en Premio Promociona para Entidades Privadas para la Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari). El certamen promovido y organizado por la Fundación Española para la Innovación de la Artesanía (Fundesarte) y convocado por el Ministerio de Industria, Energía y Turismo, supone a día de hoy el máximo reconocimiento institucional en España al trabajo artesano.

OITO ANOS DE RECOÑECIMENTO Á ARTESANÍA GALEGA NOS PREMIOS NACIONAIS DE ARTESANÍA

OCHO AÑOS DE RECONOCIMIENTO A LA ARTESANÍA GALLEGA EN LOS PREMIOS NACIONALES DE ARTESANÍA

Na última edición dos galardóns convocados pola Fundación Española para la Promoción de la Artesanía, por primeira vez unha empresa galega, o Obradoiro de Gaitas Seivane, gañaba o Premio principal en recoñecemento á traxectoria e profesionalidade dunha empresa familiar que leva 75 anos dedicada á elaboración artesanal dun dos instrumentos máis representativos de Galicia. Precisamente xa fora o gañador do Premio Innova polo seu sitio web na primeira edición destes galardóns, no ano 2006. Nesta categoría, xa resultaran finalistas Astilleros Triñanes e Arturo Álvarez, en 2012 e 2011, respectivamente. Por outra banda, a Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari) resultou finalista do Premio Promociona para Entidades Privadas polo seu traballo en favor da recuperación e da actualización do oficio tradicional da carpintería de ribeira.

Con esta, xa son oito as edicións dos Premios Nacionais de Artesanía nos que o sector artesán galego desenvolve un papel destacado. Dende a súa creación no ano 2006, estes galardóns veñen avalando o traballo dos creadores galegos seleccionándoos como gañadores e finalistas en diferentes categorías.

O pasado ano, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que depende da Consellería de Economía e Industria, resultou gañadora do Premio Promociona Entidades Públicas, que xa gañara a Deputación Provincial da Coruña no ano 2007. O gañador desta mesma categoría para Entidades Privadas resultou Regal Cerámica no ano 2011. A innovación estivo representada polo galardón ao canteiro Ricardo Antelo Parga en 2009 e a Idoia Cuesta, distinguida cunha mención especial do Premio Innova. E co Premio Produto foi galardoado o taller Joyas de la Raspa no ano 2008. Nesta categoría houbo finalistas en diferentes anos: Elena Ferro en 2011 e os obradoiros Óscar Rodríguez Joyeros, Rosa Méndez e Viviana Araujo no ano 2010.

A Xunta de Galicia, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, impulsa en cada edición as diferentes candidaturas dos creadores galegos, como unha aposta para dar a coñecer a alta calidade do deseño e da técnica do produto artesán que se está a elaborar hoxe en día en Galicia.

En la última edición de los galardones convocados por la Fundación Española para la Promoción de la Artesanía, por primera vez una empresa gallega, el Obradoiro de Gaitas Seivane, ganaba el Premio principal en reconocimiento a la trayectoria y profesionalidad de una empresa familiar que lleva 75 años dedicada a la elaboración artesanal de uno de los instrumentos más representativos de Galicia. Precisamente ya había sido el ganador del Premio Innova por su sitio web en la primera edición de estos galardones en el año 2006. En esta categoría, ya habían resultado finalistas Astilleros Triñanes y Arturo Álvarez, en 2012 y 2011, respectivamente. Por otro lado, la Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari) resultó finalista del Premio Promociona para Entidades Privadas por su trabajo en favor de la recuperación y de la actualización del oficio tradicional de la carpintería de ribeira.

Con esta, ya son ocho las ediciones de los Premios Nacionales de Artesanía en los que el sector artesano gallego desempeña un papel destacado. Desde su creación en 2006, estos galardones vienen abalando el trabajo de los creadores gallegos seleccionándolos como ganadores y finalistas en diferentes categorías.

El pasado año, la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que depende de la Consellería de Economía e Industria, resultó ganadora del Premio Promociona Entidades Públicas, que ya había ganado la Deputación Provincial de A Coruña en el año 2007. El ganador de esta misma categoría para Entidades Privadas resultó Regal Cerámica en el año 2011. La innovación estuvo representada por el galardón al canteiro Ricardo Antelo Parga en 2009 y a Idoia Cuesta, distinguida con una mención especial del Premio Innova. Y con el Premio Produto fue galardonado el taller Joyas de la Raspa en el año 2008. En esta categoría hubo finalistas en diferentes años: Elena Ferro en 2011 y los obradoiros Óscar Rodríguez Joyeros, Rosa Méndez y Viviana Araujo en el año 2010.

La Xunta de Galicia, a través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, impulsa en cada edición las diferentes candidaturas de los creadores gallegos, como una apuesta para dar a conocer la alta calidad del diseño y de la técnica del producto artesano que se está elaborando hoy en día en Galicia.

I EDICIÓN 2006

Premio Nacional Innova

Obradoiro de Gaitas Seivane, Cambre

II EDICIÓN 2007

Premio Nacional Promociona. Entidades Públicas

Deputación da Coruña

III EDICIÓN 2008

Premio Nacional Produto

Joyas de la Raspa, Vigo

IV EDICIÓN 2009

Premio Nacional Innova

Ricardo Antelo (cantería), Ponteceso

V EDICIÓN 2010

Finalistas Premio Produto 2010

Óscar Rodríguez Joyeros, S.L. (xoiaría), Viveiro

Rosa méndez (vidro), Teo

Viviana Carmen Araujo Martínez (técnico), Pontevedra

VI EDICIÓN 2011

Premio Nacional Promociona. Entidades Privadas

Complexo Otero Regal, Viveiro

Finalista Premio Nacional

Arturo Álvarez S.L. (iluminación), Vedra

Finalista Premio Produto

Elena Ferro (zocos), Vila de Cruces

Mención especial Premio Innova

Idoia Cuesta (cestería contemporánea), Outeiro de Rei

Finalista Premio Promociona. Entidades Públicas

Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Dirección Xeral de Comercio. Consellería de Economía e Industria

VII EDICIÓN 2012

Premio Nacional Promociona. Entidades Públicas

Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Dirección Xeral de Comercio. Consellería de Economía e Industria

Finalista Premio Nacional

Asteiros Triñanes, S.L. (carpintería de ribeira), Boiro

VIII EDICIÓN 2013

Premio Nacional de Artesanía

Obradoiro de Gaitas Seivane, Cambre

Finalista Premio Promociona. Entidades Privadas

Agalcari (Asociación Galega de Carpintería de Ribeira)





Con esta, xa son oito as edicións dos Premios Nacionais de Artesanía nos que o sector artesán galego desenvolve un papel destacado

Con esta, ya son ocho las ediciones de los Premios Nacionales de Artesanía en los que el sector artesano gallego desempeña un papel destacado





OBRADOIRO DE GAITAS SEIVANE, PREMIO NACIONAL DE ARTESANÍA 2013

Setenta e cinco anos dedicados a un oficio son un longo camiño. O sorprendente é que nese tempo a rutina non aparecese e que cada día se enfrente con paixón e con enerxías novas. Pasa no obradoiro de gaitas de Seivane. Unha familia que uniu o seu nome definitivamente ao instrumento máis identificativo de Galicia e que este 2014 foi recoñecida co Premio Nacional de Artesanía, o galardón institucional de máis alto nivel en España co que significan a excelencia na traxectoria e nas súas actuacións deste taller familiar situado en Cambre. E como nunca veñen soas, esta alegría trouxo outra con ela: a concesión da Medalla Castelao por parte da Xunta de Galicia, o máximo galardón institucional que distingue a personalidades galegas autoras dunha obra merecente de recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana. É a primeira vez que un obradoiro artesán consegue tan alta distinción.

Setenta y cinco años dedicados a un oficio son un largo camino. Lo sorprendente es que en ese tiempo la rutina no haya aparecido y que cada día se enfrente con pasión y con energías nuevas. Pasa en el taller de gaitas de Seivane. Una familia que unió su nombre definitivamente al instrumento más identificativo de Galicia y que este 2014 fue reconocida con el Premio Nacional de Artesanía, el galardón institucional de más alto nivel en España con el que significan la excelencia en la trayectoria y en sus actuaciones de este taller familiar situado en Cambre. Y como nunca vienen solas, esta alegría trajo otra con ella: la concesión de la Medalla Castelao por parte de la Xunta de Galicia, el máximo galardón institucional que distingue a personalidades gallegas autoras de una obra merecedora de reconocimiento de su pueblo en cualquier faceta de la actividad humana. Es la primera vez que un taller artesano consigue tan alta distinción.

“Viñamos co premio como se trouxésemos a copa do mundo, igual”. Nas súas palabras, Xosé Manuel Seivane transmite a emoción por recibir un dos premios máis importantes na traxectoria do obradoiro que fundou seu pai hai 75 anos. O 25 de marzo deste ano o Obradoiro de Gaitas Seivane recibiu o Premio Nacional de Artesanía, que concede o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O recibimento no aeroporto era, seguro, tan intenso como se gañasen o mundial. Toda a familia Seivane con gaitas, percusión e pancartas, estaba na porta agardando para darlle os parabéns aos dous irmáns, Xosé Manuel e Álvaro, que chegaban de recoller o galardón. Música, balbordo e alegría, coa cara máis coñecida da familia, a gaiteira Susana Seivane, e a da cuarta xeración, Brais, que tamén demostrou a súa habilidade co instrumento para celebrar a boa nova.

Coas sensacións repousadas co paso dos meses, estes artesáns confesan que aínda lles custa creer que sexan Premio Nacional de Artesanía. “Son momentos inesquecibles. Sempre dicimos que nós temos o recoñecemento dos nosos clientes, dos nosos amigos..., pero telo tamén de forma institucional complétao. É bo telo desa xente directa que está en contacto con nós, pero tamén cando ves que institucionalmente se fixan en ti e ven que o mereces”, reflexiona Álvaro Seivane. E non pode evitar a referencia ao patriarca da familia, falecido en 2012, que setenta e cinco anos antes fundaba o seu obradoiro en Ribeira de Piquín sen imaxinar onde chegaría despois. “Se o vise o noso pai, que o estaría vendo, sentiríase moi orgulloso. Cando em-

“Sempre dicimos que nós temos o recoñecemento dos nosos clientes, dos nosos amigos..., pero telo tamén de forma institucional complétao”



“Veníamos con el premio como si trájeramos la copa del mundo, igual”. En sus palabras, Xosé Manuel Seivane transmite la emoción por recibir uno de los premios más importantes en la trayectoria del taller que fundó su padre hace 75 años. El 25 de marzo de este año el Obradoiro de Gaitas Seivane recibió el Premio Nacional de Artesanía, que concede el Ministerio de Industria, Energía y Turismo. El recibimiento en el aeropuerto era, seguro, tan intenso como si ganaran el mundial. Toda la familia Seivane con gaitas, percusión y pancartas, estaba en la puerta esperando para darle la enhorabuena a los dos hermanos, Xosé Manuel y Álvaro, que llegaban de recoger el galardón. Música, revuelo y alegría, con la cara más conocida de la familia, la gaitera Susana Seivane, y la de la cuarta generación, Brais, que también demostró su habilidad con el instrumento para celebrar la buena noticia.

Con las sensaciones reposadas con el paso de los meses, estos artesanos confiesan que aún les cuesta creer que sean Premio Nacional de Artesanía. “Son momentos inolvidables. Siempre decimos que nosotros tenemos el reconocimiento de nuestros clientes, de nuestros amigos... pero tenerlo también de forma institucional lo completa. Es bueno tenerlo de esa gente directa que está en contacto con nosotros, pero también cuando ves que institucionalmente se fijan en ti y ven que lo mereces”, reflexiona Álvaro Seivane. Y no puede evitar la referencia al patriarca de la familia, fallecido en 2012, que setenta y cinco años antes fundaba su taller en Ribeira de Piquín sin imaginar dónde llegaría después. “Si lo viese nuestro padre, que lo estaría

“Siempre decimos que nosotros tenemos el reconocimiento de nuestros clientes, de nuestros amigos... pero tenerlo también de forma institucional lo completa”



pezou el, de neno, aquel soño fíxose realidade e nós seguímolo facendo coa mesma ilusión coa que empezamos”.


Están satisfeitos ao comprobar que os seus esforzos son percibidos tamén desde fóra, compracidos porque sinalasen a calidade dos seus instrumentos, a súa capacidade de innovación e de adaptarse aos novos tempos sen deixar de respectar a tradición na construción e o coñecemento. “Na gaita hai que ir con tino porque hai unha liña moi fina entre o que é innovación e o que é invención. Nós queremos evolucionar a gaita pero non cambiar o instrumento”, e neste sentido, Álvaro indica que traballan para darlle máis estabilidade na afinación, na estética, en simplificar o mantemento, respectando a gaita e toda a tradición que hai detrás. “Agora pode estar nun cuarteto de gaitas, nun grupo de rock, como solista, nunha orquestra sinfónica... Adáptase”. Así llo fan chegar tamén desde fóra, que atopan neste instrumento a flexibilidade para integrarse en diferentes formacións musicais.

“Á parte de traballar, paralelamente sempre temos a cabeza ocupada. Se non é un punteiro noutra tonalidade é un pallón. Moitas cousas termínanse con éxitos e outras quedan aí, e aínda que nun primeiro momento parece que non valeron para nada, pero cinco ou dez anos despois volves a elas e podes aproveitelas para outra cousa”. Nunca se perde o tempo en investigar no obradoiro de Seivane, mes-

viendo, se sentiría muy orgulloso. Cuando empezó él, de niño, aquel sueño se hizo realidad y nosotros lo seguimos haciendo con la misma ilusión con la que empezamos”.

Están satisfechos al comprobar que sus esfuerzos son percibidos también desde fuera, complacidos porque hayan señalado la calidad de sus instrumentos, su capacidad de innovación y de adaptarse a los nuevos tiempos sin dejar de respetar la tradición en la construcción y el conocimiento. “En la gaita hay que ir con cuidado porque hay una línea muy fina entre lo que es innovación y lo que es invención. Nosotros queremos evolucionar la gaita pero no cambiar el instrumento”, y en este sentido, Álvaro indica que trabajan para darle más estabilidad en la afinación, en la estética, en simplificar el mantenimiento, respetando la gaita y toda la tradición que hay detrás. “Ahora puede estar en un cuarteto de gaitas, en un grupo de rock, como solista, en una orquestra sinfónica... Se adapta”. Así se lo hacen llegar también desde fuera, que encuentran en este instrumento la flexibilidad para integrarse en diferentes formaciones musicales.

“Aparte de trabajar, paralelamente siempre tenemos la cabeza ocupada. Si no es un puntero en otra tonalidad es un pallón. Muchas cosas se terminan con éxitos y otras quedan ahí, y aunque en un primer momento parece que no valieron para nada, pero cinco o diez años después



“En la gaita hay que ir con cuidado porque hay una línea muy fina entre lo que es innovación y lo que es invención. Nosotros queremos evolucionar la gaita pero no cambiar el instrumento”



mo sen pretendelo, como nos últimos tempos en que andan a recuperar todas as gaitas da Península. Hai anos que lle pedían desde Cataluña que recuperasen o sac de gemecs, gaita tradicional catalá que practicamente estivera desaparecida, ao igual que a gaita de boto, propia de Aragón, e que agora se están a recuperar. "Alí tamén hai artesáns fenomenais pero querían que nós puxésemos tamén o noso gran de area e coa nosa experiencia coa gaita galega, se algo podemos contribuir, aquí estamos". Neste 2014 fixeron tamén por primeira vez unha gaita asturiana e recuperaron unha tipoloxía da galega pouco coñecida: a gaita de galleto, aínda que moi antiga. Trátase dunha gaita a catro voces, pero que ten a dificultade de construír a buxa bifurcada común para ronqueta e chión, que se coñece como buxa de galleto, e que era máis habitual pola zona de Melide e Arzúa.

A cuarta xeración

Custa crer que nun oficio onde a tradición ten tanto peso non se instale a rutina ou que aínda queden cousas por descubrir. En cambio, a enerxía que transmiten as nove persoas que traballan diariamente no taller de Cambre é completamente distinta. "A nosa ilusión é a mesma que cando comezou o noso pai", reflexiona Álvaro, "o noso equipo está moi ben formado e nel traballa a terceira xeración, como Roberto, fillo dunha irmá nosa e a miña filla

vuelves a elas y puedes aprovecharlas para otra cosa". Nunca se pierde el tiempo en investigar en el taller de Seivane, incluso sin pretenderlo, como en los últimos tiempos en los que buscan recuperar todas las gaitas de la Península. Hace años que le pedían desde Cataluña que recuperaran el sac de gemecs, gaita tradicional catalana que prácticamente había estado desaparecida, al igual que la gaita de boto, propia de Aragón, y que ahora se están recuperando. "Allí también hay artesanos fenomenales pero querían que nosotros pusiéramos también nuestro grano de arena y con nuestra experiencia con la gaita gallega, si algo podemos contribuir, aquí estamos". Este 2014 hicieron también por primera vez una gaita asturiana y recuperaron una tipología de la gallega poco conocida: la gaita de galleto, aunque muy antigua. Se trata de una gaita a cuatro voces, pero que tiene la dificultad de construir la buxa bifurcada común para ronqueta y chión, que se conoce como buxa de galleto, y que era más habitual por la zona de Melide y Arzúa.

La cuarta generación

Cuesta creer que en un oficio donde la tradición tiene tanto peso no se instale la rutina o que aún queden cosas por descubrir. En cambio, la energía que transmiten las nueve personas que trabajan diariamente en el taller de Cambre es completamente distinta. "Nuestra ilusión es la



Saínza. E despois está a cuarta xeración en camiño, porque Brais, o fillo de Saínza, esta practicamente cada tarde no taller. Ten por aí a gaita, o acordeón... Non sabemos os anos que quedan, pero cremos que o futuro está garantido". Non se forza a ninguén a continuar, pero polas mesas de traballo do obradoiro aparece a lista de cancións que o pequeno Brais de seis anos xa interpreta polo taller; unha vintena de temas que van desde muiñeiras ao Himno do Antigo Reino de Galicia ou A Saia da Carolina.

"Quizais a quen máis me recorda é a Susana, a súa tía, porque facía o mesmo: viña por aquí, tentaba tocar con gaitas normais, porque daquela non tiñamos a experiencia de facer gaitas para nenos. Ela foi para nós o prototipo, porque collía a miña gaita, arrastrábama toda, aínda que por outro lado tamén me gustaba que a collese e tocasse, e foi cando dixemos que tiñamos que facerlle unha gaitiña pequena". Así comezou a tocar, segundo explica seu pai, íanlla adaptando a medida que medraba, e aínda que o ameazaban con que a cativa ía terminar por cansar de tocar, non podían andar máis desatinados, porque non deixa de recoller éxitos na súa carreira profesional.

Foi un momento, sobre todo na década dos anos 90, no que viviu un moi bo momento o instrumento entre os afeccionados á música, no que xurdiron numerosas agrupa-

mismas que cuando comenzó nuestro padre", reflexiona Álvaro, "nuestro equipo está muy bien formado y en él trabaja la tercera generación, como Roberto, hijo de una hermana nuestra y mi hija Saínza. Y después está la cuarta generación en camino, porque Brais, el hijo de Saínza, esta prácticamente cada tarde en el taller. Tiene por ahí la gaita, el acordeón... No sabemos los años que quedan, pero creemos que el futuro está garantizado". No se fuerza a nadie a continuar, pero por las mesas de trabajo del obrador aparece la lista de canciones que el pequeño Brais de seis años ya interpreta por el taller; una veintena de temas que van desde muiñeiras al Himno del Antiguo Reino de Galicia o A Saia da Carolina.

"Quizás a quien más me recuerda es a Susana, su tía, porque hacía lo mismo: venía por aquí, intentaba tocar con gaitas normales, porque por aquel entonces no teníamos la experiencia de hacer gaitas para niños. Ella fue para nosotros el prototipo, porque cogía mi gaita, me la arrastraba, aunque por otro lado también me gustaba que la cogiese y tocasse, y fue cuando dijimos que teníamos que hacerle una gaita pequeña". Así comenzó a tocar, según explica su padre, se la iban adaptando a medida que crecía, y aunque lo amenazaban con que la niña iba a terminar cansándose de tocar, no podían estar menos acertados, porque no deja de recoger éxitos en su carrera profesional.

“Na gaita hai que ir con tino porque hai unha liña moi fina entre o que é innovación e o que é invención. Nós queremos evolucionar a gaita, pero non cambiar o instrumento”

cións afeccionadas por todo o país que recuperaron a música tradicional galega e moitos nenos aprenderon a tocalo. “Foi unha explosión, había músicos, artesáns, foi espectacular. Creemos que iso serviu para que trascendese fóra de aquí”, xa que tal e como lembra Álvaro, comezaron a recibir encargos que viñan de fóra de Galicia de persoas que nunca pisaran esta terra nin tiñan vínculo familiar, mentres que antes sempre que había un pedido de fóra era de galegos emigrados ou descendentes de galego. “Agora xa nin consideramos a idea de se é galego, encárganos como se fosen de aquí, escribenche de fóra, en inglés e en francés”.

A ferramenta da web como instrumento de comercialización foi clave para abrir o mercado internacional, por iso tamén llo recoñeceron na concesión do Premio Nacional de Artesanía. Foi un traballo minucioso, pero permitiulles responder con claridade e no seu idioma preguntas que lles facían moi a miúdo, con documentación sobre o uso e a dixitación, a afinación, o mantemento, a historia ou incluso partituras de cancións, ademais de explicar as condicións de venda. Tamén teñen un configurador do instrumento que permite crear a súa propia gaita a través dun sinxelo proceso e mercala na tenda online.

Cambian os tempos pero a esixencia de calidade é a mesma desde o primeiro día, así como o respecto pola tradición, o eixo que vertebra o seu traballo. “A gaita tradicional sempre tivo o terreo gañado, houbo cousas pasaxeras, pero o mundo tradicional é o que quere a xente. Pódese dicir que en Europa a gaita galega foi sempre das máis fortes de todas as que hai no continente, aínda que tivo as súas decadencias, asociada ao galego, cando se despreciaba o de aquí”.

Pilar aprendió textil en el colegio, donde destacaba en las clases de bordado, y lleva toda una vida aprendiendo. "Desde niña me gustó el textil, por lo que decidí completar lo más posible mi formación. Comencé por hacer cursos de bordado y hace 8 años di un giro al sentirme atraída por el mundo de la lana y su prensado manual. Así que tomé rumbo a Andorra a recibir mis primeras clases, que luego completé en el Centro de Artesanía de Lugo y en los cursos de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, con docentes muy buenas como Nuna Conesa." La artesana continuó su aprendizaje con cursos de sombrerería, técnicas de teñido o tocados. Todo relacionado con el mundo del textil y en concreto de los complementos. "En el mundo artesanal nunca acaba uno de formarse. No deberíamos contemplarlo, el artesano que se dé por formado, malo. Sí que puedes tener mucha práctica de dominar ciertas técnicas, pero siempre aparecen nuevas maneras de hacer las cosas."

El color es una característica común de la obra de Pilar Rodríguez, así como de la mayoría de producciones colocadas en los estantes de "En Lá". Todo lo que está a la venta es 100% artesanal, algo que ella reivindica frente "al intrusismo que estamos viviendo en los últimos tiempos, donde hay muchos blogs que venden producto acuñado cómo hecho a mano, pero que es fraudulento." Por eso ella valora iniciativas como el sello de calidad de Artesanía de Galicia, que considera "un refuerzo y un apoyo, que garantiza que el proceso de manufactura es artesanal".

Compatibilizar la tienda con el propio trabajo artesanal supone para Pilar dedicarle muchas horas. "Me dediqué toda la vida a esto y si no me contribuyera mucho, habría cambiado hace años. Hay trabajos físicamente duros, como el prensado de la lana, pero me gusta. Sobre todo lo de hacer pieza única, lo de poder cambiar. Incluso cuando tengo que hacer una serie de piezas bajo encargo, siempre le pido al cliente que me deje acercar algo a cada una de ellas".





A ARTESANÍA, UN ENGADO PARA O MUSEO

LA ARTESANÍA, UN ATRACTIVO PARA EL MUSEO

Desde hai un par de anos os catálogos das mostras e das exposicións que se comercializan na tenda da sede da Fundación Novacaixagalicia foron cedendo espazo para ir conquistando os seus estantes cuns produtos únicos: a artesanía galega. Primeiro de xeito experimental, cun pequeno espazo, que foi gañando terreo e agora é a protagonista dos 100 metros cadrados dos que dispón na tenda desta sala expositiva coruñesa. E é lóxico, pois desde a Fundación non poderían estar máis satisfeitos co resultado que están a ter os produtos de olería, téxtil, vidro, bixutería, xoiería, xoguetes, madeira ou instrumentos musicais, entre o seu público.

Os "sanandresiños", por exemplo son unha verdadeira revolución entre os turistas. Esta figura típica de San Andrés de Teixido resúltalles moi atractiva, polo seu tamaño,

.....
Centro Sociocultural Fundación Novacaixagalicia A Coruña
Cantón Grande, 21-23. 15003 A Coruña
Tel. 981 185 060

Desde hace un par de años los catálogos de las muestras y de las exposiciones que se comercializan en la tienda de la sede de la Fundación Novacaixagalicia han cedido espacio para ir conquistando sus estantes con unos productos únicos: la artesanía gallega. Primero de manera experimental, con un pequeño espacio, que fue ganando terreno y ahora es la protagonista de los 100 metros cuadrados de los que dispone en la tienda de esta sala expositiva coruñesa. Y es lógico, pues desde la Fundación no podrían estar más satisfechos con el resultado que están teniendo los productos de alfarería, textil, vidrio, bisutería, joyería, juguetes, madera o instrumentos musicales, entre su público.

Los "sanandresiños", por ejemplo son una verdadera revolución entre los turistas. Esta figura típica de San Andrés de Teixido les resulta muy atractiva, por su tamaño, la

a historia que hai detrás e o seu prezo; atopan nel un *souvenir* diferente, con raíces, fácil de levar, e feito nun material sorprendente, a miga de pan. Pero despois poden coñecer e mercar toda unha serie de obxectos únicos e especiais que os definen como novidosos e que teñen boa saída comercial.

A Fundación Novacaixagalicia xestiona a tenda en colaboración coa Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Para a entidade que acolle o punto de venda o balance deste par de anos que leva funcionando é moi satisfactorio, tanto pola súa propia experiencia como pola impresión que levan os visitantes.

Os responsables da tenda deste espazo situado no corazón mesmo da Coruña, nos Cantóns, van informando daqueles produtos que máis demanda teñen, cambiando constantemente as pezas expostas, explicándolle ao visitante a historia que ten cada un dos obxectos. Esa rotación de produto é moi importante, xa que polo emprazamento da tenda, que está á entrada do edificio e formando unha rúa interior, rexistra unha importante cantidade de viandantes día a día. "Ten que variar moito o produto, a xente non pode ver todo o tempo o mesmo bolso cada vez que pasa", e sempre procuran renovar o seu escaparate desde a Fundación.

Velaí por que o seu cliente está cambiando. Se ben segue a ser máis abundante o público turista e o visitante á Fun-

historia que hay detrás y su precio; encuentran en él un *souvenir* diferente, con raíces, fácil de llevar, y hecho en un material sorprendente, la miga de pan. Pero después pueden conocer y comprar toda una serie de objetos únicos y especiales que los definen como novedosos y que tienen buena salida comercial.

La Fundación Novacaixagalicia gestiona la tienda en colaboración con la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Para la entidad que acoge el punto de venta el balance de este par de años que lleva funcionando es muy satisfactorio, tanto por su propia experiencia como por la impresión que levan los visitantes.

Los responsables de la tienda de este espacio situado en el mismo corazón de A Coruña, en los Cantones, van informando de aquellos productos que más demanda tienen, cambiando constantemente las piezas expuestas, explicándole al visitante la historia que tiene cada uno de los objetos. Esa rotación de producto es muy importante, ya que por el emplazamiento de la tienda, que está a la entrada del edificio y formando una calle interior, registra una importante cantidad de viandantes día a día. "Tiene que variar mucho el producto, la gente no puede ver todo el tiempo el mismo bolso cada vez que pasa", y siempre procuran renovar su escaparate desde la Fundación.

Por eso que su cliente está cambiando. Si bien sigue siendo más abundante el público turista y el visitante a la Funda-



dación, cada vez hai máis cliente local, segundo están detectando as persoas que están á fronte da tenda. A súa intención é encher ese oco que faltaba na cidade, converterse na referencia como tenda de artesanía e que a cidadanía da Coruña asocie a Fundación Novacaixagalicia non só como un espazo expositivo, senón como o comercio cunha coidada selección de artesanía de Galicia.

A formación das persoas que traballan na tenda é crucial, como elas mesmas recoñecen. *Empápanse* do produto, en certo xeito. "Temos que explicarlles o produto, o artesán, os materiais..., necesitas que a xente saiba o que está a comprar". De feito é habitual que lles pidan que anoten o nome do creador, por exemplo, dándolle a importancia que ten o factor humano que hai detrás. Son persoas que valoran algo máis que a beleza que ten en si o produto, queren esa peza única feita á man.

Tamén contan que a marca Artesanía de Galicia funciona como un aval de calidade e que son moitos os clientes que a recoñecen. De feito, descubren que hai toda unha gama de produtos artesanais que non coñecían, que quizais asociaban a un perfil máis tradicional por ser o máis coñecido, e ven como nacen novos creadores que crean pezas completamente vangardistas, con deseños innovadores, xogando con materiais, cores, texturas...

ción, cada vez hay más cliente local, según están detectando las personas que están al frente de la tienda. Su intención es llenar ese hueco que faltaba en la ciudad, convertirse en la referencia como tienda de artesanía y que la ciudadanía de A Coruña asocie la Fundación Novacaixagalicia no solo como un espacio expositivo, sino como el comercio con una cuidada selección de artesanía de Galicia.

La formación de las personas que trabajan en la tienda es crucial, como ellas mismas reconocen. *Se empapan* del producto, en cierto modo. "Tenemos que explicarles el producto, el artesano, los materiales... necesitas que la gente sepa qué está comprando". De hecho es habitual que les pidan que anoten el nombre del creador, por ejemplo, dándole la importancia que tiene el factor humano que hay detrás. Son personas que valoran algo más que la belleza que tiene en sí el producto, quieren esa pieza única hecha a mano.

También cuentan que la marca Artesanía de Galicia funciona como un aval de calidad y que son muchos los clientes que la reconocen. De hecho, descubren que hay toda una gama de productos artesanos que no conocían, que quizás asociaban a un perfil más tradicional por ser lo más conocido, y ven como nacen nuevos creadores que crean piezas completamente vanguardistas, con diseños innovadores, jugando con materiales, colores, texturas...





Carmen Labrador, Buño, Malpica de Bergantiños
Facebook: Tenda O Falsete
www.ofalsete.artesanum.com



Artefios, A Coruña
www.artefios.org



Lucía Catuxo, Trabada
www.casadocura.es



Cerámica Unzueta, Brión
www.unzuetaceramica.com



Armaior, Quiroga
www.artesaniaarmaior.com



Idoia Cuesta / Xaneco, Outeiro de Rei
www.idoiacuesta.com www.xaneco.com

SHOPPING / DECORACIÓN



Suso Fernández, Taboada
www.susofernandez.com



Anna Champeney Estudio Textil, Cristosende, A Teixeira
www.annachampeney.com



Como-cuando, Vigo
www.comocuando.com



Alfarería Aparicio, Buño, Malpica de Bergantiños
www.alfareriaaparicio.es



Ardentia, Bergondo
www.ardentia.es



Joyas de papel, Nigrán
www.joyasdepapel.com



Santín, Cambre
www.santicuero.com



Concha Canoura, Culleredo
Facebook: Concha Canoura



María Feijoo, Santiago de Compostela
www.verdesmanzanas.com



Nain Rodríguez, Tui
www.cabuxa.com



Montse Betanzos, O Grove
www.montsebetanzos.com



Pendiente de un hilo, Vigo
www.pendientedeunhilo.com



Belategui Regueiro, Cambre
www.belateguiregueiro.com



Orfega, Santiago de Compostela
www.orfega.com

SHOPPING / COMPLEMENTOS



Asociación de Redeiras Artesás Illa da Estrela, Corme, Ponteceso
Facebook: Redeiras Illa da Estrela de Corme



Marta Armada, Vigo
www.martaarmada.com



Magma, A Estrada
www.mgjewels.com



Maysil, A Estrada
www.maysil.com



FORMACIÓN: CENTÓN AO ESTILO XAPONÉS

FORMACIÓN: *PATCHWORK* AL ESTILO JAPONÉS

A artesá xaponesa Reiko Kato, unha das referencias na materia a nivel internacional, impartiu en Santiago de Compostela o curso “Centón para especialistas”, organizado pola Consellería de Economía e Industria no marco da súa estratexia de impulso á formación especializada e á innovación no sector artesan galego.

La artesana japonesa Reiko Kato, una de las referencias en la materia a nivel internacional, impartió en Santiago de Compostela el curso “*Patchwork* para especialistas”, organizado por la Consellería de Economía e Industria en el marco de su estrategia de impulso a la formación especializada y a la innovación en el sector artesano gallego.

Reiko Kato é unha das máis recoñecidas artesás de centón a nivel mundial e durante o mes de febreiro estivo a impartir un curso desta especialidade destinado a profesionais de Galicia. Nel o protagonista foron as fermosas e delicadas pezas téxtiles que elaboraron, seguindo a técnica tradicional xaponesa que consiste en ir unindo fragmentos de tecidos de diferentes tipos e cores, coa particularidade de que se fai todo o cosido á man e cuidando ao máximo o detalle.

“Cada país traballa o centón dunha maneira, ten unha cultura; no estilo xaponés traballamos máis pequeniño cada detalle”, explica Reiko Kato, en referencia ás elaboradas pezas que confecciona e polas que é recoñecida en todo o mundo. “En España trabállase máis coa máquina de coser e empregan pezas máis grandes. No estilo xaponés usamos cousas máis miúdas, cosemos á man, imos máis ao detalle, son pezas moi laboriosas. Quero que as alumnas comprendan esas diferenzas para que aprendan ben a traballar á man”, e para iso elaboraron varios produtos, como un costureiro, unha bolsa ou un colgador.

As tonalidades, os deseños que empregan, remiten ineludiblemente á propia cultura xaponesa, aínda que ten unha grande influencia americana, xa que traballa moito en Estados Unidos, país no que goza dun gran prestixio.

Reiko Kato es una de las más reconocidas artesanas de *patchwork* a nivel mundial y durante el mes de febrero estuvo impartiendo un curso de esta especialidad destinado a profesionales de Galicia. En él las protagonistas fueron las hermosas y delicadas piezas textiles que elaboraron, siguiendo la técnica tradicional japonesa que consiste en ir uniendo fragmentos de tejidos de diferentes tipos y colores, con la particularidad de que se hace todo el cosido a mano y cuidando al máximo el detalle.

“Cada país trabaja el *patchwork* de una manera, tiene una cultura; en el estilo japonés trabajamos más pequeño cada detalle”, explica Reiko Kato, en referencia a las elaboradas piezas que confecciona y por las que es reconocida en todo el mundo. “En España se trabaja más con la máquina de coser y emplean piezas más grandes. En el estilo japonés usamos cosas más menudas, cosemos a mano, vamos más al detalle, son piezas muy laboriosas. Quiero que las alumnas comprendan esas diferencias para que aprendan bien a trabajar a mano”, y para eso elaboraron varios productos, como un costurero, una bolsa o un colgador.

Las tonalidades, los diseños que emplean, remiten ineludiblemente a la propia cultura japonesa, aunque tiene una gran influencia americana, ya que trabaja mucho en Estados Unidos, país en el que disfruta de un gran pres-

“Cada país traballa o centón dunha maneira, ten unha cultura; no estilo xaponés traballamos máis pequeniño cada detalle”

“Cada país trabaja el *patchwork* de una manera, tiene una cultura; en el estilo japonés trabajamos más pequeño cada detalle”



“Quero transmitirle ás alumnas as tonalidades das cores xaponesas, como as sentimos, usamos teas con cores pouco vivas, apagadas”, algo que vén da súa cultura autóctona, segundo recoñece a docente. “Usamos utensilios como cuncas ou outros obxectos de cerámica con tonalidades máis apagadas, máis naturais; os xaponeses apreciámoslos e sentímonos máis cómodos con eles. Para min, combinar entre esa gama de cores naturais é máis bonito e é a miña cultura xaponesa”.

Reiko Kato establece unha relación entre este xeito de traballar o centón e a confección do quimono tradicional: “tamén é feito con traballo manual, temos esa base que conta con moitas persoas afeccionadas”. Malia ao seu vínculo coa tradición nipona, a súa carreira goza de gran recoñecemento en Estados Unidos. “Hai trinta anos houbo unha moda de centón estilo americano, daquela estaba en Xapón e empecei a traballar ese estilo, pero despois xa fun traballando máis á man, porque quedaba máis bonito, e pouco a pouco fun cambiando ao estilo xaponés, no que me centro na actualidade”. Non realiza moitas innovacións, mantén a base da técnica, pero permítese xogar nas decoracións ou nos deseños que propón, que son sempre da súa creación, pero coa tradición como referente.



“Quero transmitirle a las alumnas las tonalidades de los colores japoneses, cómo las sentimos, usamos telas con colores poco vivos, apagados”, algo que viene de su cultura autóctona, según reconoce la docente. “Usamos utensilios como tazas u otros objetos de cerámica con tonalidades más apagadas, más naturales; los japoneses los apreciamos y nos sentimos más cómodos con ellos. Para mí, combinar entre esa gama de colores naturales es más bonito y es mi cultura japonesa”.

Reiko Kato establece una relación entre esta manera de trabajar el *patchwork* y la confección del quimono tradicional: “también está hecho con trabajo manual, tenemos esa base que cuenta con muchas personas aficionadas”. A pesar de su vínculo con la tradición nipona, su carrera disfruta de gran reconocimiento en Estados Unidos. “Hace treinta años hubo una moda de *patchwork* estilo americano, luego estaba en Japón y empecé a trabajar ese estilo, pero después ya fui trabajando más a mano, porque quedaba más bonito, y poco a poco fui cambiando al estilo japonés, en el que me centro en la actualidad”. No realiza muchas innovaciones, mantiene la base de la técnica, pero se permite jugar en las decoraciones o en los diseños que propone, que son siempre de su creación, pero con la tradición como referente.





Neste curso da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño participaron 15 artesás galegas, todas elas especialistas en centón e dedicadas á docencia, coa intención de poder difundir esta técnica tradicional xaponesa na formación que elas mesmas imparten. Moitas das alumnas xa coñecían o traballo de Kato grazas aos seus libros, como *Mother's Dream Friends* ou *My Dream Quilts* e non quixeron perder a oportunidade de aprender de primeira man esta laboriosa técnica que ofrece uns resultados sorprendentes e únicos.

Foi unha semana de moito traballo onde dedicaron intensas xornadas a confeccionar as pezas propostas pola recoñecida artesá e a dominar cada unha das particularidades desta técnica, que traballa moi polo miúdo cada detalle, cada decoración. "Si que ten futuro o estilo de centón xaponés", explicaba ao termo do curso en Galicia Reiko Kato, satisfeita co traballo das súas alumnas, "todo o mundo traballou moi ben, aprenderon".

Trátase dunha iniciativa da estratexia específica de impulso ao sector artesán que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria, que ten como un dos seus eixes principais a formación, ademais da aposta pola innovación e a mellora da comercialización.

En este curso de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño participaron 15 artesanas gallegas, todas ellas especialistas en *patchwork* y dedicadas a la docencia, con la intención de poder difundir esta técnica tradicional japonesa en la formación que ellas mismas imparten. Muchas de las alumnas ya conocían el trabajo de Kato gracias a sus libros, como *Mother's Dream Friends* o *My Dream Quilts* y no quisieron perder la oportunidad de aprender de primera mano esta laboriosa técnica que ofrece unos resultados sorprendentes y únicos.

Fue una semana de mucho trabajo donde dedicaron intensas jornadas a confeccionar las piezas propuestas por la reconocida artesana y a dominar cada una de las particularidades de esta técnica, que trabaja muy al por menor cada detalle, cada decoración. "Sí que tiene futuro el estilo de *patchwork* japonés", explicaba al término del curso en Galicia Reiko Kato, satisfecha con el trabajo de sus alumnas, "todo el mundo trabajó muy bien, aprendieron".

Se trata de una iniciativa de la estrategia específica de impulso al sector artesano que está desarrollando la Consellería de Economía e Industria, que tiene como uno de sus ejes principales la formación, además de la apuesta por la innovación y la mejora de la comercialización.



NOVAS E EVENTOS DE ARTESANÍA DE GALICIA

NOTICIAS Y EVENTOS DE ARTESANÍA DE GALICIA

A promoción da marca Artesanía de Galicia e o fomento da comercialización, da visibilización dos oficios artesanais e da introdución en novos mercados, así como o apoio ao talento galego a través da formación especializada e da colaboración con outros sectores, centran a estratexia da Consellería de Economía e Industria de impulso ao sector artesan galego. En abril deste ano, a Xunta de Galicia presentaba o Plan de Artesanía 2014-2016 orientado á consolidación da marca Artesanía de Galicia, á incorporación da innovación en todos os procesos de deseño e produción da artesanía e á consecución dun sector sólido, competitivo e sostible.

La promoción de la marca Artesanía de Galicia y el fomento de la comercialización, de la visibilización de los oficios artesanales y de la introducción en nuevos mercados, así como el apoyo al talento gallego a través de la formación especializada y de la colaboración con otros sectores, centran la estrategia de la Consellería de Economía e Industria de impulso al sector artesano gallego. En abril de este año, la Xunta de Galicia presentaba el Plan de Artesanía 2014-2016 orientado a la consolidación de la marca Artesanía de Galicia, a la incorporación de la innovación en todos los procesos de diseño y produción de la artesanía y a la consecución de un sector sólido, competitivo y sostenible.



Feira Formex, Estocolmo



Presentación do Plan de Artesanía 2014-2016

A través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, a marca Artesanía de Galicia continúa a participar en mercados de grande relevancia internacional. Dende agosto de 2013, dáse un paso máis na estratexia de comercialización exterior do produto artesán galego, que agora acode a dúas das feiras profesionais especializadas na decoración de interiores máis relevantes de Europa: **Formex**, en Estocolmo, e **Tent London**, en Londres. Un total de 15 obradoiros artesanais estiveron representados no stand de Artesanía de Galicia na edición de xaneiro de **Formex**, en Estocolmo, e regresarán na edición de setembro. En agosto, Artesanía de Galicia viaxará á capital do Reino Unido para participar en **Tent London**, con pezas de obradoiros artesanais tanto tradicionais como de deseño contemporáneo.

Outra das iniciativas de apoio á exhibición e venda da artesanía no exterior é a participación en **Galicia. Pórtico Universal**, unha colaboración para a promoción exterior da Comunidade Autónoma que inclúe diferentes localidades como Barcelona, Hamburgo Vitoria ou Bos Aires, onde a marca Artesanía de Galicia contou cun espazo destacado.

Un dos eventos nos que a Fundación centra boa parte dos seus esforzos é a celebración do **Corazón da Artesanía, III Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia**, Corazón da Artesanía, nos Pendellos de Agolada, entre o 4 e o 6 de xullo. Un ano máis, tradición e vangarda comparten espazo nun evento no que se puido ver o traballo de medio cento de artesanais galegos, que desenvolven máis de vinte oficios tradicionais diferentes como a xoiería, a olería, a elaboración de instrumentos musicais, o téxtil, a madeira, a cestería, a marroquinería, a elaboración de redes ou de zocos, a montaxe de moscas para a pesca ou a carpintería de ribeira.

Co Encontro de Agolada preténdese establecer un espazo de interrelación entre a artesanía e outros ámbitos como a música, a gastronomía ou o deseño. Ademais da exposición e venda de produtos artesanais e demostracións de oficios, houbo unha trintena de postos de venda de produtos gastronómicos, con especial atención ás denominacións de orixe galegas, showcooking, workshops e coloquios, actividades para nenos, unha exposición sobre o Obradoiro de Gaitas Seivane – Premio Nacional de Artesanía 2013 e Medalla Castelao 2014 – e as actuacións musicais de Marful e Sés.

Co obxectivo de impulsar a comercialización do sector artesán galego e de promocionar a marca Artesanía de Galicia, a Fundación colaborou co establecemento **Go Home** (Pontevedra) coa incorporación dun pop up de pezas da marca, para a exhibición temporal de pezas de 17 obradoiros artesanais.



Galicia, Pórtico Universal, Barcelona, Hamburgo e Vitoria

A través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, la marca Artesanía de Galicia continúa participando en mercados de gran relevancia internacional. Desde agosto de 2013, se da un paso máis en la estrategia de comercialización exterior del producto artesano gallego, que ahora acude a dos de las ferias profesionales especializadas en decoración de interiores máis relevantes de Europa: **Formex**, en Estocolmo, y **Tent London**, en Londres. Un total de 15 talleres artesanos estuvieron representados en el stand de Artesanía de Galicia en la edición de enero de **Formex**, en Estocolmo, y regresarán en la edición de septiembre. En agosto, Artesanía de Galicia viajará a la capital del Reino Unido para participar en **Tent London**, con piezas de talleres artesanos tanto tradicionales como de diseño contemporáneo.

Otra de las iniciativas de apoyo a la exhibición y venta de la artesanía en el exterior es la participación en **Galicia. Pórtico Universal**, una colaboración para la promoción exterior de la Comunidad Autónoma que incluye diferentes localidades como Barcelona, Hamburgo, Vitoria o Buenos Aires, donde la marca Artesanía de Galicia contó con un espacio destacado.

Uno de los eventos en los que la Fundación centra buena parte de sus esfuerzos es la celebración del **Corazón da Artesanía, III Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia**, Corazón da Artesanía, en Os Pendellos de Agolada, entre el 4 y el 6 de julio. Un año máis, tradición y vanguardia comparten espacio en un evento en el que se puido ver el trabajo de medio centenar de artesanos gallegos, que desarrollan máis de veinte oficios tradicionales diferentes como la joyería, la alfarería, la elaboración de instrumentos musicales, el textil, la madera, la cestería, la marroquinería, la elaboración de redes o de zuecos, el montaje de moscas para la pesca o la carpintería de ribeira.

Con el Encontro de Agolada se pretende establecer un espacio de interrelación entre la artesanía y otros ámbitos como la música, la gastronomía o el diseño. Además de la exposición y venta de productos artesanales y demos-

A comercialización no territorio galego tamén se ve apoiada grazas á organización de **Minifeiras de Artesanía de Galicia**, en colaboración coa Asociación Galega de Artesáns. Trátase de eventos de curta duración en diferentes localidades dirixidos a ofrecerlle un espazo de promoción e venda a un máximo de dez obradoiros artesáns. No que vai de ano celebráronse minifeiras en Cuntis, Baiona, Santiago de Compostela, Ribadavia e Santa Comba.

Por outra banda, a Fundación continúa tamén co fomento da comercialización da artesanía galega a través do apoio a feiras de venda directa que se realicen en diferentes localidades galegas, que contan coa presenza da marca Artesanía de Galicia como símbolo de calidade e de prestixio de cara ao consumidor, e que constitúen plataformas de comercialización da artesanía galega. Ata o mes de xullo de 2014 participouse en eventos como a **Feira dos Oficios de Gondomar**, a festa **Arde o Pazo** (Mos), a **Feira do viño de Amandi** (Sober), a **XVIII Feira de Artesanía de Ourense**, a **XX Fía do Liño en Baio** (Zas), a **Feira de Artesanía do Couto Festiletras** (Ponteceso), **IX Feira da Empanada e Produtos de Artesanía dos Ancares** (As Nogais), a **Mostra de Viños da Ribeira Sacra** de Pantón e a **Carreira Ruta do Románico** (Pantón), a **XLII Feira do Viño Tinto do Salnés** (Ribadumia), a **XII Feira do Comercio e Artesanía** (Cambre) ou a **VIII Feira de Artesanía de Outeiro de Rei**. Na segunda parte do ano, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño ten previsto participar na **Feira Chalana da Artesanía e do Deseño** (Pontevedra), **Argalica** (Cangas), **Mostrart** (A Coruña), **Feira Artesanal de Artesanato** (Vila do Conde) ou **Ofeitoaman** (Vigo).

Outros eventos nos que participou a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño foron as **Xornadas Educa Barrié** (Vigo), a promoción **Entroido Galicia** (Santiago de Compostela) no que se fixeron obradoiros infantís, o foro **Deseño e Innovación** (Madrid), os **Premios Comercio Compostelán**, as xornadas **Op-**

traciones de oficios, hubo una treintena de puestos de venta de productos gastronómicos, con especial atención a las denominaciones de origen gallegas, showcooking, workshops y coloquios, actividades para niños, una exposición sobre el Obradoiro de Gaitas Seivane – Premio Nacional de Artesanía 2013 y Medalla Castelao 2014 – y las actuaciones musicales de Marful y Sés.

Con el objetivo de impulsar la comercialización del sector artesano gallego y de promocionar la marca Artesanía de Galicia, la Fundación colaboró con el establecimiento **Go Home** (Pontevedra) con la incorporación de un pop up de piezas de la marca, para la exhibición temporal de piezas de 17 talleres artesanos.

La comercialización en el territorio gallego también se ve apoyada gracias a la organización de **Minifeiras de Artesanía de Galicia**, en colaboración con la Asociación Galega de Artesáns. Se trata de eventos de corta duración en diferentes localidades dirixidos a ofrecerlle un espazo de promoción y venta a un máximo de diez talleres artesanos. En lo que va de año se celebraron minifeiras en Cuntis, Baiona, Santiago de Compostela, Ribadavia y Santa Comba.

Por otra parte, la Fundación continúa también con el fomento de la comercialización de la artesanía gallega a través del apoyo a ferias de venta directa que se realicen en diferentes localidades gallegas, que cuentan con la presencia de la marca Artesanía de Galicia como símbolo de calidade y prestigio hacia el consumidor, y que constituyen plataformas de comercialización de la artesanía gallega. Hasta el mes de julio de 2014 se participó en eventos como la **Feira dos Oficios de Gondomar**, la fiesta **Arde o Pazo** (Mos), la **Feira do viño de Amandi** (Sober), la **XVIII Feira de Artesanía de Ourense**, la **XX Fía do Liño en Baio** (Zas), la **Feira de Artesanía do Couto Festiletras** (Ponteceso), **IX Feira da Empanada e Produtos de Artesanía dos Ancares** (As Nogais), la **Mostra de Viños da Ribeira Sacra** de Pantón y la **Carreira Ruta do Románico** (Pantón), la



Go home, Pontevedra





Feira do viño de Amandi, Sober



XII Feira do Comercio e Artesanía, Cambre



Xornadas Optimizando o taller artesanal, Errentería



Observatorio Nacional da Artesanía, Santiago de Compostela

timizando o taller artesanal (Errentería), os **Premios Nacionais de Artesanía 2013**, os **Días Europeos da Artesanía** (A Coruña, Gondomar, Viveiro) ou a reunión do pleno do **Observatorio Nacional da Artesanía**, celebrada en Santiago de Compostela no mes de abril e na que se analizaron os principais retos e estratexias para o sector.

O **V Concurso Deseña unha xoia para a túa nai**, organizado polo Colexio Oficial de Xoyería, é unha iniciativa que premia a creatividade dos nenos e nenas e os achega ao traballo dos xoieiros. No acto de entrega dos galardóns estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, o conselleiro de Economía e Industria, a directora de Turismo de Galicia e a directora xeral de Comercio.

No mes de xuño, a Fundación organizou o **I Encontro de Cacharreiros en Niñodagua** (Xunqueira de Espadanedo), como impulso a un dos oficios artesanais que forma parte do patrimonio cultural galego. No evento realizáronse demostracións, exhibición e venda de pezas de oito artesáns representantes dos diferentes centros oleiros existentes na actualidade en Galicia (Bonxe, Buño, Gundivós e Niñodagua), oleiros contemporáneos e tamén telleiros, un oficio practicamente en extinción cuxa recuperación está a apoiar a Xunta de Galicia.

XLII Feira do Viño Tinto do Salnés (Ribadumia), la **XII Feira do Comercio e Artesanía** (Cambre) o la **VIII Feira de Artesanía de Outeiro de Rei**. En la segunda parte del año, la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño ha previsto participar en la **Feira Chalana da Artesanía e do Deseño** (Pontevedra), **Argalica** (Cangas), **Mostrart** (A Coruña), **Feira Artesanal de Artesanato** (Vila do Conde) u **Ofeitoaman** (Vigo).

Otros eventos en los que participó la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño fueron las **Xornadas Educa Barrié** (Vigo), la promoción **Entroido Galicia** (Santiago de Compostela) en el que se hicieron talleres infantiles, el foro **Deseño e Innovación** (Madrid), los **Premios Comercio Compostelán**, las jornadas **Optimizando o taller artesanal** (Errentería), los **Premios Nacionais de Artesanía 2013**, los **Días Europeos da Artesanía** (A Coruña, Gondomar, Viveiro) o la reunión del pleno del **Observatorio Nacional da Artesanía**, celebrada en Santiago de Compostela en el mes de abril y en la que se analizaron los principales retos y estrategias para el sector.

El **V Concurso Deseña unha xoia para a túa nai**, organizado por el Colegio Oficial de Joyería, es una iniciativa que premia la creatividad de los niños y niñas y los acerca al trabajo de los joyeros. En el acto de entre-

Artesanía de Galicia estuvo representada tamén en **MI-Catlántica - Mercado das Industriais Culturais de Galicia e Arxentina**, celebrado na Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela), así como en **MICSur - Mercado das Industrias Culturais do Sur**, celebrado en Mar del Plata (Arxentina), no mes de maio.

O encaixe foi o protagonista en múltiples encontros en toda a nosa Comunidade e tivo o seu máximo expoñente na celebración da **XXIV Mostra do Encaixe de Camariñas**, un evento de carácter internacional onde se combina este oficio tradicional coas novas aplicacións a outras áreas como é o caso do deseño de moda. En Neda, Vigo, Cervo, Portonovo (Sanxenxo), A Estrada, Burela, Sarria, Milladoiro (Ames), Salvaterra de Miño e Valga houbo xuntanzas de palilleiras con grande éxito de participación.

Artesanía de Galicia participou tamén en diferentes eventos xunto con Galicia Calidade, co obxectivo de incorporar a artesanía a outras áreas como a gastronomía. Foi o caso da participación nunha actividade organizada no **Mercado de San Antón** (Madrid), no que se empregaron pezas de deseñadas e producidas por seis obradoiros artesanais galegos, como soporte dos menús que presentaron no evento os cociñeiros galegos.

ga de los galardones estuvieron presentes el presidente de la Xunta de Galicia, el conselleiro de Economía e Industria, la directora de Turismo de Galicia y la directora xeral de Comercio.

En el mes de junio, la Fundación organizó el **I Encontro de Cacharreiros en Niñodagua** (Xunqueira de Espadanedo), como impulso a uno de los oficios artesanales que forma parte del patrimonio cultural gallego. En el evento se realizaron demostraciones, exhibición y venta de piezas de ocho artesanos representantes de los diferentes centros alfareros existentes en la actualidad en Galicia (Bonxe, Buño, Gundivós y Niñodagua), alfareros contemporáneos y también tejeros, un oficio prácticamente en extinción cuya recuperación está apoyando la Xunta de Galicia.

Artesanía de Galicia estuvo representada también en **MI-Catlántica - Mercado das Industrias Culturais de Galicia e Arxentina**, celebrado en la Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela), así como en **MICSur - Mercado das Industrias Culturais do Sur**, celebrado en Mar del Plata (Argentina), en el mes de mayo.

El encaje fue el protagonista en múltiples encuentros en toda nuestra Comunidad y tuvo su máximo exponente en la celebración de la **XXIV Mostra do Encaixe de Camariñas**, un evento de carácter internacional donde se combina



V Concurso Deseña unha xoia para a túa nai



V Concurso Deseña unha xoia para a túa nai



V Concurso Deseña unha xoia para a túa nai



I Encontro de Cacharreiros en Niñodagua, Xunqueira de Espadanedo



XXIV Mostra do Encaixe de Camariñas

A **formación especializada** para artesáns é outro dos puntos nos que se basea a estratexia de impulso ao sector artesán da Consellería de Economía e Industria, na busca da introducción da innovación e da mellora da comercialización. Na primeira parte do ano realizáronse un total de cinco actividades de formación relacionados con diferentes especialidades artesanais. En febreiro, realizouse o **Curso de Centón para especialistas**, impartido pola artesá xaponesa Reiko Kato (Santiago de Compostela). En abril comezou o **Curso de Técnicas de Encaixe Moderno** (Ferrol) a cargo da artesá Marisa Hermida e da especialista checa Iva Prosková. Tamén neste mes desenvolveuse o **curso de Elaboración de contas de vidro con soprete en Gondomar**, pola artesá Susana Pereira Armada. No mes de xuño comezou na Coruña a proposta **The Handcraft Experience: O proceso creativo. Aplicación e desenvolvemento no mercado actual**, a cargo da deseñadora de moda Sara Coleman e da artesá Idoia Cuesta, especializada en cestería. Para pechar a primeira tempada formativa do ano, a artesá Viviana Araújo, especialista na elaboración de sombreiros, impartiu en Gondomar o curso **Complementos de moda: sombreirería**. A finais do mes de xullo, a Fundación ten previsto colaborar coa Asociación de Ceramistas ASAS de Pontevedra na organización do **Curso Internacio-**



MICSur - Mercado das Industrias Culturais do Sur, Mar del Plata (Argentina)

este oficio tradicional con las nuevas aplicaciones a otras áreas como es el caso del diseño de moda. En Neda, Vigo, Cervo, Portonovo (Sanxenxo), A Estrada, Burela, Sarria, Milladoiro (Ames), Salvaterra de Miño y Valga hubo juntanzas de palilleras con gran éxito de participación.

Artesanía de Galicia participou tamén en diferentes eventos junto con Galicia Calidade, con el objetivo de incorporar la artesanía a otras áreas como la gastronomía. Fue el caso de la participación en una actividad organizada en el Mercado San Antón (Madrid), en el que se emplearon piezas diseñadas y producidas por seis talleres artesanos gallegos, como soporte de los menús que presentaron en el evento los cocineros gallegos.

La **formación especializada** para artesanos es otro de los puntos en los que se basa la estrategia de impulso al sector artesano de la Consellería de Economía e Industria, en la búsqueda de la introducción de la innovación y de la mejora de la comercialización. En la primera parte del año se realizaron un total de cinco actividades de formación relacionadas con diferentes especialidades artesanales. En febreiro, se realizou el **Curso de Centón para especialistas**, impartido por la artesana japonesa Reiko Kato (Santiago de Compostela). En abril comenzó el **Curso de Técnicas de Encaixe Moderno** (Ferrol) a cargo de la artesana Marisa Hermida y de la especialista checa Iva Prosková. También en este mes se desarrolló el **curso de Elaboración de contas de vidro con soprete en Gondomar**, por la artesana Susana Pereira Armada. En el mes de junio comenzó en A Coruña la propuesta **The Handcraft Experience: O proceso creativo. Aplicación e desenvolvemento no mercado actual**, a cargo de la deseñadora de moda Sara Coleman y de la artesana Idoia Cuesta, especializada en cestería. Para cerrar la primera temporada formativa del año, la artesana Viviana Araújo, especialista en la elaboración de sombreros, impartió en Gondomar el curso **Complementos de moda: sombreirería**. A finales del mes de julio, la Fundación ha previsto colaborar con la Asociación de Ceramistas ASAS de Pontevedra en la organiza-



XVIII Feira de Artesanía de Ourense



nal de Cerámica Contemporánea que se celebrará en Pontevedra. Como xa é habitual, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño completará a súa oferta formativa despois do verán e ata final de ano, coa organización de diferentes cursos especializados de interese para o sector que se celebrarán en distintas localidades galegas.

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño continuou este ano co proxecto **“Enredando, artesanía na escola”**, unha ambiciosa iniciativa dirixida a integrar os máis novos no sector da artesanía. Os obxectivos deste proxecto son concienciar a sociedade do valor do produto feito á man, comezando polos máis novos; presentarlle aos rapaces que a artesanía pode ser tamén unha boa alternativa para o seu futuro laboral, atallar o problema da falta de relevo xeracional nos oficios máis tradicionais e promover o desenvolvemento da artesanía galega a través da formación de futuros artesáns creadores; e amosarlle á sociedade o valor engadido da artesanía en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.

No que levamos de ano **“O Gremio da Seda”**, baseado na explicación práctica do proceso de obtención da seda, desenvolveuse en centros de Betanzos, Curtis, Oza dos Ríos, Vilasantar, Cervo, Ribadeo, Viveiro, Foz, Beariz, O Irixo, Maside, San Amaro, Moraña, Pontecesures, Valga e Cuntis.

Por outra parte, o proxecto **“Do papel ao libro”** centrouse na realización de forma artesanal de 25 follas utilizando os materiais e mesturas de fibras de bambú e de eucalipto, que posteriormente se empregaron para realizar unha práctica de encadernación dun libro seguindo a técnica xaponesa. Esta unidade didáctica desenvolveuse en centros de Cerceda, Frades, Ordes, Tordoia, Trazo, Cospeito, Guitiriz, Vilalba, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sareaus, Agolada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

ción del **Curso Internacional de Cerámica Contemporánea** que se celebrará en Pontevedra. Como ya es habitual, la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño completará su oferta formativa después del verano y hasta final de año, con la organización de diferentes cursos especializados de interés para el sector que se celebrarán en distintas localidades gallegas.

La Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño continuó este año con el proyecto **“Enredando, artesanía na escola”**, una ambiciosa iniciativa dirigida a integrar a los más jóvenes en el sector de la artesanía. Los objetivos de este proyecto son concienciar a la sociedad del valor del producto hecho a mano, comenzando por los más jóvenes; presentarle a los niños que la artesanía puede ser también una buena alternativa para su futuro laboral, atajar el problema de la falta de relevo generacional en los oficios más tradicionales y promover el desarrollo de la artesanía gallega a través de la formación de futuros artesanos creadores; y mostrar a la sociedad el valor añadido de la artesanía en cuanto a su creatividade, patrimonio cultural y tradición.

En lo que llevamos de año **“O Gremio da Seda”**, basado en la explicación práctica del proceso de obtención de la seda, se desarrolló en centros de Betanzos, Curtis, Oza dos Ríos, Vilasantar, Cervo, Ribadeo, Viveiro, Foz, Beariz, O Irixo, Maside, San Amaro, Moraña, Pontecesures, Valga y Cuntis.

Por otra parte, el proyecto **“Do papel ao libro”** se centró en la realización de forma artesanal de 25 hojas utilizando los materiales y mezclas de fibras de bambú y de eucalipto, que posteriormente se emplearon para realizar una práctica de encuadernación de un libro siguiendo la técnica japonesa. Esta unidade didáctica se desarrolló en centros de Cerceda, Frades, Ordes, Tordoia, Trazo, Cospeito, Guitiriz, Vilalba, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sareaus, Agolada, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.

CADA VEZ PARA MÁIS XENTE, GALICIA É O BO CAMIÑO.

*“Porque para ver
grandes paisaxes,
non fai falta facer
longas viaxes”.*

· Máis de 1.600 quilómetros de costa e 863 praias ·

Descansar ben, comer ben, desfrutar da natureza, das cousas sinxelas e da boa xente. Cada vez máis persoas descubren os encantos de Galicia. E cada vez máis galegos decatámonos do que temos: unha terra máxica, lugares increíbles, xente acolledora e unha cultura de calidade que xa ten nome en todo o mundo: Galicia Calidade.

ESTE VERÁN, AS TÚAS VACACIÓNS POLO BO CAMIÑO

galicia
o bo camiño



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
“Unha maneira de facer Europa”

XUNTA
DE GALICIA
galicia.es

obradoiro de artesanía

artesianiadegalicia.xunta.es



XUNTA DE GALICIA